

REACCIÓNS Escritores e críticos coinciden no acerto da RAG de dedicarlle a Lois Pereiro o 17 de Maio pola súa poética singular e polo cambio de perspectiva que suporá para o Día das Letras

Máis que satisfeitos

Cesáreo Sánchez, Helena González, Manuel Forcadela e Rodríguez Baixeras dan a súa opinión


Vanesa Oliveira · Santiago

Importante, interesante, positivo, valente... Son os adxectivos máis repetidos por escritores, críticos e filólogos á hora de destacar o acerto da Real Academia Galega ao elixir o poeta monfortino Lois Pereiro para homenaxear o Día das Letras de 2011. Cesáreo Sánchez, Helena González, Manuel Forcadela, Xavier Rodríguez Baixeras ou Arturo Casas mostráanse satisfeitos ademais, porque a cultura galega sexa capaz de representarse a través dun poeta da contracultura.

O presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez, mostrábase ante "feliz" pola elección da Academia xa que "Lois Pereiro é un grandísimo poeta". "Que a RAG o recoñeza dedicándolle o 17 de maio supón que a institución acompaña o seu camiñar ó tempo contemporáneo. É un xeito de participar na historia contemporánea do noso país para que se sobrepasen os límites do calendario. É moi importante que os códigos da literatura galega de fin do século XX queden reflectidos no devir da institución. Para a AELG, a elección de Lois Pereiro supón un profundo acto de celebración da literatura galega contemporánea", asegura.

Da mesma opinión se mostra Helena González, profesora de Literatura Galega no Centre Dona i Literatura na Universidade de Barcelona. "A elección de Lois Pereiro péceme moi interesante. É unha oportunidade para revisar unha poética moi singular e relativamente recente sobre a que temos unha documentación aínda sen estudar. É tamén unha proba de que a dialéctica poética entre marxinal/central se resolve con dificultade. Lois Pereiro é un poeta marxinal pero consegue ocupar un dos actos institucionais centrais da cultura galega. Iso fálanos de que a cultura galega é singular, capaz de substraerse da dialéctica autor marxinal/central. Alégrome porque nos permite dialogar mellor co noso pasado recente", asegura a profesora, autora de estudos como *Da poesía no ano da morte de Lois Pereiro*, publicado en 1996 no *Anuario de estudos literarios galegos*.

Na súa opinión, "Lois Pereiro substraéanos da polémica que nos tiña ocupado entre a poesía culturalista e a máis cotiá. Practica unha poesía poderosamente urbana e radical na que as vivencias existenciais son levadas ó extremo, porque vive no extremo da enfermidade e dos mundos da contracultura. Lois Pereiro achega unha reflexión sobre un período moi



Helena González, arriba á esquerda, Cesáreo Sánchez, Forcadela, Baixeras, Casas e Xosé Manuel Pereiro

recente e unha reflexión diferente que rompe con como vimos narrando a literatura galega nese período. Tiña un elemento en común con Manuel Antonio: consegue que un libro 'Poesía última de amor e enfermidade' se convertese en icónico e necesario, lido por todos os novos poetas dos noventa".

Ao ver da profesora, a elección do monfortino non supón un punto

de inflexión na Academia xa que, ao seu ver, "en realidade, houbo máis inflexións antes" e nos últimos anos "hai vontade de facer inflexións". "Hai elementos do pasado que resultaron incómodos e que convida a actualizar. Penso no caso de María Mariño, sobre a que corrian máis mitos que certezas, penso no ano desaproveitado de Ramón Piñeiro, no que se pasaron por alto cales eran os debates gale-

guistas recentes, está pendente aínda o ano de Carvalho Calero e doutros figuras como a de Filomena Dato Muruais, a primeira escritora galega feminista despois de Rosalía", apunta.

Pola súa parte, Manuel Forcadela -que en 2009 publicou o ensaio *Sete leccións de poesía (Espiral Maior)* no que indagaba na Xeración dos 80- considera a decisión da RAG "unha

gran noticia, alégrome moito por Lois, que foi un poeta extraordinario e singular, un dos máis modernos e avanzados da súa xeración, preocupado por revolucionar o que de tradicional ten a literatura galega. Alégrome moito porque é unha decisión moi importante da Academia xa que creo que é o poeta máis novo que homenaxea a RAG, de maneira que afasta aquel tópic de que é un cemiterio de elefantes no que hai unha forte endogamia".

Na opinión do profesor da Universidade de Vigo, "é unha chamada a cambiar a percepción que se ten do Día das Letras. Péceme unha moi boa estratexia, unha decisión óptima. Dende a Universidade de Vigo, os grupos de estudos das letras galegas imos facer un volume de homenaxe ao poeta e probablemente, xornadas e conferencias".

Pola súa parte, o poeta Xavier Rodríguez Baixeras, que o ano pasado publicou o ensaio *Bos tempos para a lírica. A xeración de 1980 (Espiral Maior)*, considera "acertada" a decisión da RAG. "Non se engloba dentro da decisión tradicional pero é importante porque significa que grazas a poetas marxinais podemos presumir de que estamos no mundo", apunta. A escolla da Academia é, na súa opinión, "moi reflexionante" xa que "rescata para a cultura galega unha serie de poéticas que ten un interese importante xa que a obra de Lois Pereiro non só posúe valores propios senón que tamén é unha obra que achega as características propias dunha época".

Baixeras: "Non se marxinou, só foi conseqüente"

Ao seu ver, a poesía do autor monfortino "é moi orixinal" dentro da xeración dos 80 que "aínda representa moi variada, ás veces, era moi monocorde, parecíase moito a si mesma". Ao ver de Rodríguez Baixeras, Lois Pereiro achegoulle á escrita daquela época "ámbitos culturais cosmopolitas como a contracultura e o rescate de autores que daquela non eran tan de culto como agora como Paul Celan ou Baudelaire, o cómic e o rock". Para o poeta, Pereiro representa unha maneira de entender e posicionarse nos ámbitos literarios diferente da habitual. "El non se marxinou, participou en actos poéticos pero foi conseqüente co que pensaba".

En declaracións a Europa Press, Xosé Manuel Pereiro, decano do Colexio de Xornalistas de Galicia, e irmán do homenaxeado cre que a decisión da RAG é "valente" xa que "recoñece o mérito literario do autor monfortino máis alá do uso do idioma galego". Na súa opinión, a elección do seu irmán supón "un cambio na liña tradicional da RAG na dirección de distinguir o heterodoxo. Manuel Rivas é un terceiro irmán, algo ten que ver na elección".

"HAI QUE BUSCAR UNHA LINGUAXE NOVA"

Arturo Casas: "Está nas marxés, pero relativamente"

O profesor de Teoría da Literatura e Literatura comparada na USC, Arturo Casas -"sen entrar a valorar as candidaturas"- considera "moi positivo como mensaxe" que a RAG elixise a Lois Pereiro "Creo que é moi relevante porque se traslada que a escolla de Lois Pereiro non se debe a ter nacido na segunda metade do século XX senón ao que representa unha forma distinta de relacionarse coa escrita e unha forma de estar no sistema literario galego totalmente diferente". Por iso coída que o reto será buscar "unha linguaxe nova para explicar quen é Pereiro", cando, por exemplo, se quíbera trasladar a

súa figura nas escolas. En 2003, Casas publicou na editorial Trís Trám a *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000* na que ducenas persoas -entre críticos, docentes e autores- elixían os poetas e libros máis destacados deste período. "Entre os poetas máis representativos, Lois Pereiro está no posto 12 xunto a Cunqueiro. Ademais creo que era o único caso que das 25 obras elixidas dese período, os seus dous títulos libros estaban entre os preferidos. Por iso eu digo que Lois Pereiro está nas marxés, pero relativamente, porque moita xente o tiña presente", comenta. "Estariño ante un poeta

que ten publicada a súa obra na editorial Positivas. Iso é moi relevante porque non é un poeta das casas editoriais máis institucionalizadas senón dunha editorial pequena que publica libros de voces distintas e raras", afirma Casas, coordinador do Grupo Alea de Análise Poética.

A isto engádesse que "estamos ante un autor que está falando dende o hoxe máis absoluto, dende o presente inmediato, dende os subditos, as fábricas e os peiraos; non é un poeta dos pazos nin das paisaxes. É un poeta diferente, que pertence á tradición máis expresionista e alemá, base eslava"